

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A CREACIÓN E DESENVOLVEMENTO DUNHA CÁTEDRA INSTITUCIONAL DE BO GOBERNO LOCAL

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

E doutra parte, Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo, actuando en nome e representación da citada universidade, en virtude do Decreto 59/2018, do 31 de maio, do seu nomeamento, no exercicio das facultades que lle atribúe o artigo 29.i) dos estatutos da Universidade, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuídas estatutariamente, entre outras, competencias exclusivas en materia de réxime local, correspondéndolle a ditos efectos o desenvolvemento de políticas públicas para garantir un axeitado desenvolvemento das obrigas legais.

Pola súa banda, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, en relación co Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, sen prexuízo das demais competencias que legal e regulamentariamente teña atribuídas.

Segundo. Que a Universidade de Vigo (UVigo) é unha institución de dereito público, dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propios, que asume e desenvolve as súas funcións mediante a investigación, a docencia, o estudo e a transferencia do coñecemento á sociedade e á extensión universitaria, actividades para as que goza de autonomía, de acordo cos seus estatutos e no marco da lexislación vixente.

Terceiro. A Universidade de Vigo conta co grupo de investigación GEN (*Governance and Economic research Network*) que ten recoñecida a condición de Grupo de Referencia competitiva do Sistema Universitario de Galicia. Este grupo, integrado por destacadas persoas investigadoras, vén desenvolvendo unha ampla actividade investigadora e de transferencia de coñecemento en relación co mundo local, que os dota da condición de persoas expertas recoñecidas na materia e que se recolle na súa numerosa produción científica.

O grupo GEN que, como se acaba de sinalar, está a levar a cabo numerosas investigacións, publicacións e xornadas formativas no campo da administración local, nomeadamente en materia de transparencia e integridade local, desenvolve a Red Localis como unha liña de investigación do mundo local, que se configura como un foro de reflexión do municipalismo e

da súa xestión e que actúa como fórmula para potenciar a transferencia de coñecemento na mellora do debate público sobre o mundo local e para formular propostas de solución ás problemáticas particulares detectadas.

Por isto, a Red Localis se presenta como unha iniciativa única non só en Galicia senón tamén en toda España, na que colaboran persoas expertas no ámbito académico e *practicioners* do mundo local, é dicir, profesionais con ampla experiencia e gran dominio neste ámbito e dotados dos coñecementos necesarios para formar outras persoas profesionais do eido local, combinando as fontes de coñecemento e acreditando un alto impacto no desenvolvemento da súa actividade.

Cuarto. Con base na experiencia e capacidade que ten acumuladas no grupo de investigación GEN a través da Red Localis, a Universidade de Vigo pretende desenvolver un proxecto que se concreta na creación e desenvolvemento dunha Cátedra institucional de Bo Goberno local, a cargo das persoas codirectoras da Red Localis.

A actividade estrutural desta cátedra e, no seu marco, a realización de importantes eventos como o Congreso Red Localis, permitirán poñer a disposición das entidades locais os resultados das investigacións e actividades xerados no eido universitario en materia de bo goberno local, abordando cuestións de máxima actualidade e interese para os sectores implicados no traballo no ámbito das administracións locais.

Esta iniciativa resulta de grande interese para a Comunidade Autónoma por tratarse dun instrumento único, sen equivalente a nivel autonómico ou estatal, que permitiría dar resposta ás inxerencias que se están a producir no mundo da Administración local, actualmente sometido a fortes transformacións, derivadas da chegada e implantación de novas tecnoloxías e asemade dos cambios normativos e relacionais co conxunto da cidadanía, establecendo un marco de colaboración que lles permita xuntar esforzos para facilitar a consecución dos seus intereses comúns, en especial a mellora do funcionamento da Administración local galega.

O obxectivo común é poñer en marcha un espazo de reflexión e debate sobre propostas de mellora no ámbito local, aliñado coas características dunha administración do século XXI e que responda aos retos da sociedade actual.

Esta iniciativa servirá de marco para a exploración de solucións a problemas complexos que precisan de resposta ante escenarios cambiantes tanto polo impacto da tecnoloxía nos concellos, as novas demandas locais derivadas da situación actual post covid ou a determinación das competencias das administracións públicas.

A mellora do debate público sobre o mundo local irá acompañada do potenciamento da transferencia de coñecemento e da formulación de propostas de solución ás problemáticas particulares detectadas e, en particular:

- Abrir un debate sobre os niveis e estándares de bo goberno e boa administración no mundo local.
- Analizar os procesos de toma de decisións de xestión pública en termos de eficacia e eficiencia.
- Avaliar a situación da prestación dos servizos municipais en relación coas demandas e niveis de esixencia por parte da cidadanía.
- Examinar e concluír propostas de melloras da gobernanza local no contexto dunha Administración local para o século XXI.

Quinto. O artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

Sexto. Conforme co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, xa que o obxecto do convenio é a creación e desenvolvemento dunha Cátedra institucional de Bo Goberno local para o que se fai preciso un coñecemento técnico e unha especialización na materia que acredita posuír o grupo de investigación GEN (Governance and Economic research Network) da Universidade de Vigo que ademais está a desenvolver unha liña de investigación específica nesa materia na que se integra a *Red Localis*.

Sétimo. A UVigo cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitavo. A achega económica da Xunta de Galicia farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.444.0 por ser a adecuada para tal fin.

Noveno. Con base en todo o anterior, co fin de materializar a colaboración antes descrita e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia Xustiza e Turismo e a Universidade de Vigo acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Universidade de Vigo para a creación e desenvolvemento dunha Cátedra institucional de Bo Goberno local a través da Red Localis, integrada no grupo de investigación GEN (Governance and Economic Research Network).

SEGUNDA. Obrigas da Universidade de Vigo

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas da UVigo:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

En concreto, a través a través da Red Localis, integrada no grupo de investigación GEN (Governance and Economic Research Network), no marco da cátedra, desenvolverá as seguintes actividades:

- Sesións de traballo con distintos representantes dos sectores implicados para facilitar a reflexión e o debate sobre o bo goberno local.
- Organización do Congreso Red Localis, coa participación de responsables locais e autonómicos, como iniciativa de recoñecido prestixio no conxunto do mundo local. Trátase da única actividade desta natureza que se desenvolve na Comunidade Autónoma de Galicia e que na súa temática abordará cuestións de máxima actualidade e interese para o mundo local.
- Desenvolvemento de xornadas sobre temas puntuais de actualidade con interese e transcendencia no ámbito da Administración local, con especial incidencia na temática do bo goberno local.
- Realización de estudos e presentación de comunicacións no marco do congreso e recompilación destes nunha publicación divulgativa dos resultados dos labores de investigación, transferencia de coñecemento e análise.

- Mantemento do Observatorio Municipal de Galicia, tanto no que respecta á información estatística que recolle como a elaboración dos informes, cun mínimo dun (1) informe trimestral.
1. Destinar os fondos que se perciban á execución do proxecto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
 2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
 3. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houberse, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
 - b. No caso de se realizar pagamentos anticipados e a UVIGO non presentase a xustificación da subvención no prazo e na forma previstos neste convenio.
 - c. Reintegrarse o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda do custo total do proxecto subvencionado, nos termos do artigo 21.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - d. No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
 4. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
 5. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 6. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

TERCEIRA. Obrigas da Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo.

1. A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo colaborará na realización do proxecto a que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega máxima de SESENTA MIL EUROS (60.000,00

€) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.444.0 (2021 00022 *Convenios con universidades*), coa seguinte distribución por anualidades:

- Anualidade 2022: 30.000,00 €
- Anualidade 2023: 30.000,00 €

1. Esta achega fíxase como un importe certo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total, polo que queda por conta da entidade beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada. De ser o caso, o financiamento público unicamente deber ser reintegrado polo importe que supere o custo total da actividade.
2. Esta achega é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Porén, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

CUARTA. Gastos subvencionables

1. No marco das actividades ás que se refiren as cláusulas precedentes, consideraranse gastos subvencionables aqueles efectivamente realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 30 de novembro de 2023 pola Universidade de Vigo, directamente ou a través de Red Localis, con destino ao financiamento de gasto corrente para o desenvolvemento das actividades realizadas no marco da cátedra institucional, de acordo co orzamento que se xunta como anexo a este convenio e do cal forma parte.

Inclúense aqueles gastos que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do convenio, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

2. Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención sempre que se imputen pola UVigo á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza o proxecto.
3. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado para cada unha das dúas anualidades neste convenio.
4. A data límite de realización das actividades subvencionadas e de presentación da documentación xustificativa será o 1 de decembro de 2022, na primeira anualidade, e o 30 de novembro de 2023 para a última anualidade.

Sen prexuízo do anterior, os custos devindicados a partir do 1 de decembro de 2022 poderán ser imputados á anualidade 2023 sen que isto implique incremento da achega correspondente ao referido exercicio orzamentario.

QUINTA. Persoal e subcontratación

1. O desenvolvemento das actividades relacionadas co obxecto do convenio será realizado a través do equipo de traballo da Red Localis, integrado no grupo de investigación GEN da Universidade de Vigo, sen prexuízo da incorporación ao proxecto do persoal colaborador que se considere necesario para a correcta execución do proxecto.

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas que van desenvolver as actividades que constitúen o obxecto deste convenio e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, directa, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

2. A UVigo, directamente ou a través de Red Localis, poderá subcontratar parcialmente os gastos que sexan precisos para o correcto desenvolvemento das actividades incluídas no plan de traballo da cátedra, ata unha porcentaxe que non exceda do 50% do orzamento total, sumados os custos de todos os subcontratos.

Exceptúanse do anterior aqueles aqueles gastos en que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma das actividades subvencionadas.

SEXTA. Pagamentos anticipados.

1. A achega económica da Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo, poderá instrumentarse mediante pagamentos anticipados, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións.

2. De acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos anticipados ata un total de 15.600,00 € en cada anualidade.

3. A concesión dos anticipos realizarase mediante resolución motivada, logo de solicitude da UVIGO na que esta fará constar as razóns en que fundamenta a necesidade do pagamento inmediato para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, así como o importe do anticipo solicitado para a correspondente anualidade, o cal non poderá exceder da cantidade expresada no parágrafo anterior.

4. Xunto coa solicitude de pagamento anticipado, a UVIGO presentará unha declaración responsable na que conste:

- O conxunto das axudas solicitadas para as actividades obxecto do convenio, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais e, de ser o caso, as contías solicitadas ou concedidas.

- Que a entidade beneficiaria non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 11.e), 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

5. De acordo co previsto no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia e no artigo 52 da Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, a UVigo está exonerada da constitución de garantías.

SÉTIMA. Xustificación e pagamento.

Para percibir o importe restante da subvención ou o que corresponda no caso de non solicitar o seu pagamento anticipado, e en todo caso para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, a UVigo deberá acreditar a execución das actuacións e gastos subvencionados en cada anualidade mediante a presentación da seguinte documentación:

- a) Unha memoria xustificativa das actividades realizadas no marco da cátedra e un informe no que se concrete o resultado do proxecto subvencionado, elaborado polas persoas codirectoras da Red Localis, en soporte electrónico e en lingua galega.
- b) Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención. Esta certificación incluírá unha relación dos gastos realizados imputables á actuación subvencionada, con detalle dos distintos conceptos e contías. Para estes efectos, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido neste convenio
- c) Declaración responsable asinada electronicamente pola persoa representante da UVigo na que conste:
 - O conxunto das axudas solicitadas para as actividades obxecto do convenio, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais e, de ser o caso, as contías solicitadas ou concedidas.
 - Que a entidade beneficiaria non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 11.e), 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

- a) Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

Á vista desta documentación, a Dirección Xeral de Administración Local expedirá certificación acreditativa do cumprimento pola entidade beneficiaria, dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.

OITAVA. Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito da UVigo ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:
 - a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización dos prazos de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles para cada unha das anualidades, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.
 - b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

NOVENA. Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total das cantidades percibidas, se as houberse, xunto cos xuros de demora, segundo o procedemento establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:

- a) Nos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.
- b) No caso de producirse o incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria establecidas neste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.
- c) Procederá o reintegro do financiamento público polo importe pagado da subvención que supere o custo final xustificado do proxecto subvencionado, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.
- d) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.
- e) De resolverse o convenio, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

DÉCIMA. Comisión de seguimento do convenio

1. Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dúas persoas representantes de cada unha das partes asinantes.
2. A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretaria/o quen se designe da mesma forma.
3. A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse cando así o solicite algunha das partes.
4. As súas funcións serán:
 - Interpretación do convenio
 - Intervención previa á resolución por incumprimento
 - Proposta, de ser o caso, de addendas
 - Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes
 - Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio
1. Os membros da comisión poderán asistir ás reunións desta acompañados polo persoal técnico que consideren oportuno. Así mesmo, cando se considere conveniente, a comisión poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

UNDÉCIMA. Compatibilidade con outras axudas

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos

ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obra subvencionada.

DUODÉCIMA. Difusión

A Universidade de Vigo comprométese a informar, nas actividades que realice, da colaboración da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo no financiamento dos gastos realizados en desenvolvemento das actividades que constitúen o obxecto deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA. Causas de resolución

1. O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
 - b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
 - c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
 - d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
 - e) Calquera outra causa prevista nas leis

DÉCIMO CUARTA. Vixencia e duración

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2023.

DÉCIMO QUINTA. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO SEXTA. Publicidade do convenio

1. As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.
2. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA. Normativa aplicable

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e demais normativa que sexa de aplicación.

E en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio por duplicado exemplar, e para un só efecto no lugar e data sinalados no encabezamento.

O vicepresidente primeiro e conselleiro de
Presidencia, Xustiza e Turismo

O reitor da Universidade de Vigo

Alfonso Rueda Valenzuela

Manuel Joaquín Reigosa Roger

ANEXO – ORZAMENTO

ANUALIDADE 2022		
ACTIVIDADE		ORZAMENTO
1.	Desenvolvemento do Congreso Red Localis 2022 (viaxes e traslados, mantenzas, aloxamentos, material asistentes, soporte e actualización web, alugueiro da sala, alugueiro de medios audiovisuais, entre outros)	9.000,00 €
2.	Informe anual e publicación das conclusións do congreso	9.000,00 €
3.	Mantemento e expansión do Observatorio integral dos concellos e deputacións galegas	8.000,00 €
	3.1. Elaboración dos informes trimestrais	4.000,00 €
	3.2. Mantemento e mellora da páxina web do Observatorio Municipal de Galicia - Red Localis	4.000,00 €
4.	Dirección da cátedra	4.000,00 €
SUBTOTAL ANUALIDADE 2022		30.000,00 €
ANUALIDADE 2023		
ACTIVIDADE		ORZAMENTO
1.	Desenvolvemento do Congreso Red Localis 2023 (viaxes e traslados, mantenzas, aloxamentos, material asistentes, soporte e actualización web, alugueiro da sala, alugueiro de medios audiovisuais, entre outros)	9.000,00 €
2.	Informe anual e publicación das conclusións do congreso	9.000,00 €
3.	Mantemento e expansión do Observatorio integral dos concellos e deputacións galegas	8.000,00 €
	3.1. Elaboración dos informes trimestrais	4.000,00 €
	3.2. Mantemento e mellora da páxina web do Observatorio Municipal de Galicia - Red Localis	4.000,00 €
4.	Dirección da cátedra	4.000,00 €
SUBTOTAL ANUALIDADE 2023		30.000,00 €
ORZAMENTO TOTAL		60.000,00 €